

N
a
a
a



2
0
0
9

*Agora que chegan estas datas
aproveítamos para recomendar
que agasalledes con libros.
As nais que colaboramos no
“Obradoiro da biblioteca”
escollemos algúns títulos que
nos gustan.*



“La cenicienta que no quería comer perdices”

Escrito por Nunila López Salamero, Editorial Planeta (14.50€):

Este non é un libro para nenos, senón para papás e mamás. Conta a historia dunha “princesa” que se sae do seu papel, e descubre que pode facer moitas máis cousas bonitas que ser só unha princesa. Ten moito sentido do humor. Non o perdades.

“O meu nome é Stilton, Gerónimo Stilton”

escrito por Gerónimo Stilton e publicado pola editorial Planeta (7.95€):

Se o voso fillo ou a vosa filla aínda non leu ningún desta colección, non o deixedes probar, porque acabaredes mercándoa enteira. O protagonista é un rato que é investigador e editor. Está escrito dunha forma moi peculiar, xogando co tipo de letra e as cores. Resulta moi atractivo e entretido para nenos e nenas a partir de 7 anos.



“Xogando ás adiviñas”, escrito por Carmen Baz, e publicado na editorial Everest. Máis que un libro para ler é un libro para discurrir e pensar en familia. Aos pequinhos gústanlles moito as adiviñas e este libro ademáis ten unhas ilustracións moi suxerentes. Recomendado a partir de 6 anos.



“Los colores de Mateo”, escrito por Marisa López Soria, e publicado en Everest. Este é un libro precioso que nos fala da tolerancia e do amor: “Mateo es un niño de color. Pero no de color rojo...Ni verde... Ni amarillo...Ni azul...O con topitos. Mateo es un niño de color negro”. Un libro que pode servir para falar en familia dos prexuizos que moitos temos aínda cos que son diferentes. A partir de 8 anos.



“Avós”, escrito por Chema Heras, e publicado por Kalandraka. É un libro moi tenro que fala do amor entre os nosos maiores. Moi emocionante. A partir de 6 anos, aínda que a nós e aos avós das familias tamén lles vai gustar moito.


“Unha pantaśma con asma”: escrito por Carmen Gil e publicado por Kalandraka. Un conto rimado con moito sentido do humor : “Unha pantaśma con asma, que nin asusta nin pasma, tuse moito, non ouvea, pero espirra que rabea”. Podedes pasalo ben léndoo cos vosos fillos. A partir de 6 anos.



“El cuento del travieso Perico y el conejito Benjamín” , escrito por Beatrix Potter, e publicado na editorial Beascoa. Este libro é un clásico que debería estar en todas as bibliotecas infantís. Neste caso preséntase como un “pop-up”, é dicir, ten ilustracións que se moven e sobresaen do libro.

“Charles Darwin, la aventura de la evolución”,

escrito por A.J. Wood e Clint Twist, e publicado por Mondadori. O ano que remata foi o ano de Darwin (cumpríronse 200 anos do seu nacemento) e este libro amosa a marabillosa aventura que viviu o naturalista. Ten preciosas ilustracións, mapas, cartas, ... Todo presentado de xeito que resulta moi atractivo. É un libro moi axeitado para mirar e ler en familia. A partir de 10 anos.



“Piratas”, publicado por Larousse. Este libro non é só un libro. Contén un libro e un barco pirata para construír! Conta como era a vida dentro dun barco pirata, os distintos tipos de barcos que había, e os distintos tipos de piratas (non eran todos iguais). Describe moi ben as súas armas, as bandeiras, como repartían os botíns,... E ensina como construír pouco a pouco o barco pirata que vén co libro. Un magnífico agasallo de Nadal.

Desde a biblioteca desexamos que se cumpran os vosos soños, e que disfrutedes neste ano que comeza da vosa vida en familia chea de boas lecturas.